

**LISÍSTRATA**

## ARGUMENTO

Todos están de acordo en fixar a primavera do vixésimo primeiro ano da guerra do Peloponeso (411 a. de X. C.), como a data da presentación de *Lisístrata*. O mesmo texto facilita, a este respecto, indicacións bastante precisas. No momento de ser escrita, Pílos pertencía aínda ós atenienses, pois os lacedemonios non a tomaron por sorpresa ata o ano 23 da guerra.

Nesta obra obsérvase unha ausencia case completa de alusións políticas. A gabanza de Esparta, asociada á de Atenas, e o desalento que semella terse apoderado de todos, marca claramente unha das épocas de transición de Atenas.

*Lisístrata* é aínda unha comedia política, posto que non trata máis que da paz; pero, movido polos acontecementos, o teatro empeza a transformarse. O riso é algunhas veces forzado, como é natural no medio das conmocións que poden facer mudar dun momento para outro o curso de tódalas existencias.

*Lisístrata*, a personaxe principal, é unha ateniense de rancia estirpe que decidiu poñer fin á guerra recorrendo a un medio heroico. Convoca a este fin ás mulleres de Atenas, Lacedemonia e Beocia, propoñéndolles ocupa-la cidadela, e mesmo manter afastados de elas ós seus respectivos maridos. A aversión con que esta proposta é aceptada, e as pegas coas que se atopa, xunto coas situacións burlescas que produce, constitúen toda a obra e orixinan escenas que poderían considerarse excelentes, se a grosería da expresión non chocara a miúdo cos nosos costumes modernos de delicadeza e pudor. Nada se encubre. Cada cousa aparece chamada polo seu nome.

A intriga é moi simple, desenvólvese ó redor de dous ou tres motivos.

Despois de *Lisístrata*, o ceo de Atenas seguiu ensombrecéndose. As loitas intestinas e as violencias crecentes non deixan sitio senón á única preocupación da conservación persoal. Os poetas calan ou buscan a súa salvación como poden. Aristófanes é tamén vítima de ese estado de cousas. As súas obras posteriores, xa sexa por cansazo ou impotencia a transformarse, reflicten xa só de lonxe o seu admirable xenio.

### PERSONAXES

LISÍSTRATA  
CALÓNICE  
MÍRRINA  
LÁMPITO  
CORO DE ANCIÁNS  
CORO DE MULLERES  
ESTRÁTILIS  
UN MAXISTRADO  
MULLERES  
CINESIAS  
UN NENO  
UN HERALDO LACEDEMONIO  
EMBAIXADORES LACEDEMONIOS  
UN ATENIENSE  
VAGABUNDOS  
UN ESCRAVO  
ESCITES, personaxe mudo  
MANES, personaxe mudo  
A TREGUA, personaxe mudo

A escena representa a praza pública de Atenas.

LISÍSTRATA. ¡Oh! Se se tivera convocado no templo de Dioniso, de Pan, de Venus Colíade, ou o de Genetílida<sup>1</sup>, a multitude sería inmensa entre os tamboriles. Pero agora nin unha soa muller acudiu á cita. Sen embargo, aí vexo unha, a miña veciña, que sae da súa casa. ¡Bos días, Calónice!

CALÓNICE. ¡Bos días, Lisístrata. ¿Que é ese barullo? Non me mires así, miña filla. Non che acae ben poñelas cellas coma arcos.

LISÍSTRATA. É que, miña boa compañeira Calónice, estáseme desfacendo o corazón. Exaspérome contra nós, as mulleres, ás que os homes supoñen tan raposeiras.

CALÓNICE. E non se enganán, ¡por Zeus!

LISÍSTRATA. Convidámolas para que viñeran aquí, para deliberar sobre un asunto de importancia. E elas, en vez de acudir, dormen.

CALÓNICE. Paciencia, amiga. Virán, deixa-la casa non é doado para unha muller. Unha ten ó seu home que a enreda, outra esperta á súa escrava, ergue ó seu cativo, lávao, ou dálle de comer.

LISÍSTRATA. Hai algo máis importante para elas ca todo eso.

CALÓNICE. ¿De que se trata, querida Lisístrata? ¿Para que esa asemblea de mulleres? ¿Cal é ese asunto tan importante?

LISÍSTRATA. Un gran asunto.

CALÓNICE. ¿E gordo tamén?

LISÍSTRATA. Si, gordo; certamente.

CALÓNICE. Neste caso, ¿Como non viñeron todas?

LISÍSTRATA. Non se trata de eso, pois de selo xa estarían reunidas agora. É un asunto que me preocupa en grande maneira, quitou-me moitas horas de sono, e desacóugame en tódolos sentidos.

<sup>1</sup> En Colias, na Ática, había unha festa en honor de Genetilis, unha deusa do amor e a xeración. Coma nos demais casos en que se fai referencia ás festas puramente de mulleres, había danzas orxiásticas destas. Ás bacanais íase acompañado de frutas e tamboriles.

CALÓNICE. Debe ser algo moi delicado, para desacougarte dese xeito.

LISÍSTRATA. Tan delicado é, que a salvación de Grecia enteira atópase nas mans das mulleres.

CALÓNICE. ¿Das mulleres? De pouco depende, logo.

LISÍSTRATA. Si, sobre nós descansa a República. Acabariamos cos peloponenses...

CALÓNICE. Excelente, por certo que non quedará ningún.

LISÍSTRATA. Tódolos beocios serían aniquilados...

CALÓNICE. ¡Todos, non! Salvemos, aínda que nada máis sexa, as anguías<sup>2</sup>.

LISÍSTRATA. En canto a Atenas, non serei eu quen pronuncie semellante blasfemia; pero completa ti mesma o meu pensamento. Se, pola contra, se reuniran aquí as mulleres: as de Beocia, as do Peloponeso e nós, Grecia sería salvada coa nosa axuda.

CALÓNICE. ¿Que medios posúe unha muller para concibir e levar a cabo unha gran idea? Permanecemos nos nosos fogares, pintadas e adornadas vestindo elegantes túnicas amarelas e flotantes cimbéricas<sup>3</sup>, e cos nosos botíns.

LISÍSTRATA. É aquí precisamente onde cifro a miña esperanza: nas nosas pequenas túnicas de azafrán, nos nosos perfumes, botíns, colorete e vestidos transparentes...

CALÓNICE. ¿Como?

LISÍSTRATA. De tal xeito, que ningún dos homes de hoxe empuñará a lanza contra outro...

CALÓNICE. Entón, ¡polas dúas deusas<sup>4</sup>!, Fágome tinxir de amarelo un dos meus vestidos.

LISÍSTRATA. Nin o escudo...

CALÓNICE. Vístome con unha cimbérica.

LISÍSTRATA. Nin as costas...

CALÓNICE. Merco un par de botíns.

LISÍSTRATA. Pois, ben: ¿non deberían vir aquí as mulleres?

CALÓNICE. ¡Vir, non! ¡Correr, e xa hai moito tempo!

2. As do lago Copais eran moi apreciadas en Atenas.

3. Vestido de orixe estranxeira, do que só sabemos que caía recto, especie de túnica que se deixaba oscilar, sen atala cun cinto. Trátase dunha prenda refinada, asiática posiblemente.

4. Refírese a Deméter e Core, as deusas polas que xuraban as mulleres.

LISÍSTRATA. Si, miña amiga. Son unhas verdadeiras atenienses. Nin unha soa muller da Costa, nin de Salamina.

CALÓNICE. Polo que a estas respecta, sei que pasaron moi cedo nas barcas<sup>5</sup>.

LISÍSTRATA. Nin as que esperaba ver chegar aquí as primeiras, as mulleres de Acarna.

CALÓNICE. Sen embargo, a esposa de Teóxenes cumpriu as súas devocións como para vir. Pero mira, por alí chegan algunhas; e outras avanzan por alá. ¡Ah, ah! ¿De onde son?

LISÍSTRATA. De Anaxiro.

CALÓNICE. ¡Polos deuses! ¡É a mobilización en masa de Anaxiro<sup>6</sup>!

MÍRRINA. ¿Chegamos con atraso, Lisístrata? Fala. ¿Por que ese silencio?

LISÍSTRATA. Non podo felicitarte, Mírrina, por chegar a esas horas tratándose de un asunto de tal importancia.

MÍRRINA. Tiven que busca-lo meu cinto na escuridade. Pero se a coosa urxe, aquí nos tes. Fala.

LISÍSTRATA. Aínda non. Esperemos antes ás mulleres de Beocia e ás do Peloponeso.

MÍRRINA. Tes razón. Precisamente aí está Lámpito, acabada de chegar.

LISÍSTRATA. ¡Oh, querida lacedemonia! ¡Saúde, Lámpito! ¡Que fermosa me parece, oh, miña boa amiga! ¡Que cor tan san, e que vigor nesos membros! ¡Estrangularías un touro<sup>7</sup>!

LÁMPITO. ¡Si! ¡Xa o creo, por Cástor e Pólux! É que fago moita ximnasia: salto dándome cos calcañares nas nádegas.

LISÍSTRATA. ¡Que fermosos peitos tes!

LÁMPITO. Estasme apalpando como ás vítimas<sup>8</sup>.

LISÍSTRATA. E esa outra moza, ¿de onde es?

5. Xogo de palabras: *diabainein* significa 'pasar' (o mar, o río, etc) e 'abri-las pernas', *keles barca* e 'cabalo' (aludindo ó *keletizein* ou 'cabalgar' das mulleres).

6. Anaxiro é un pantano do demo Anaxirunte sobre o que había un proverbio «non removo Anaxiro» (polo mal cheiro que botaba). Dicir que estas mulleres que cheiran mal son de Anaxirunte é un chiste.

7. Os exercicios ximnásticos estaban moi de moda en Lacedemonia, incluso entre as mulleres.

8. O animal que se ía sacrificar tentábase para ver se estaba gordo, pois só se sacrificaban vítimas perfectas.

LÁMPITO. Pertence a unha das principais familias de Beocia, ¡por Cástor e Pólux!

LISÍSTRATA. ¡Ah, e como beocia, ten un campo<sup>9</sup> moi feito!

CALÓNICE. E coidado con elegancia, ¡abofé! Arrancáronlle todo o que podía deslucilo.

LISÍSTRATA. ¿E aquela outra nena?

LÁMPITO. Unha boa moza, moi xenerosa por certo, ¡por Cástor e Pólux! Pero é de Corinto.

LISÍSTRATA. ¿Boa e xenerosa? A cousa está clara, tratándose de aquel país.

LÁMPITO. Pero ¿dirasme ó fin quen convocou a asemblea de mulleres?

LISÍSTRATA. Eu.

LÁMPITO. Entón, cóntanos o que te propós.

LISÍSTRATA. Sen dúbida algunha, querida amiga.

LÁMPITO. Dinos cal é ese asunto tan importante que te ocupa.

LISÍSTRATA. De contado cho vou dicir. Pero antes de falar, fareivos unha pequena pregunta...

MÍRRINA. Faina, se cho parece.

LISÍSTRATA. ¿Non pensades nos pais dos vosos fillos, que se achán no exército, lonxe de vós? Posto que sei que non hai ningunha entre vós que non teña ó seu home na guerra.

CALÓNICE. Hai cinco meses que o meu está ausente, vixiando a Eucrates cerca de Tracia.

LISÍSTRATA. O meu áchase dende hai sete meses feitos en Pilos.

LÁMPITO. O meu, se algún día abandona as filas e se lle ocorre presentarse, colle de novo e de prèsa o seu escudo, e lisca outra vez, voa e desaparece.

LISÍSTRATA. Con eles fóra, ninguén permaneceu aquí nin un só amante, nin sequera a sombra. Dende que os milesios nos traizoaron, non vin nin un deses xoguetes de coiro de oito dedos de longo que nos consolán durante a súa ausencia. ¡Pois, ben! Se descubro algún medio para remata-la guerra, ¿queredes uniros a min?

MÍRRINA. ¡Si, polas deusas! Aínda que tivera que vender ese vestido e beberme os cartos hoxe mesmo.

9. Xogo de palabras *Pedion* 'campo' refírese tanto á cha de Beocia como ó órgano sexual feminino.

CALÓNICE. Eu tamén, aínda que me cortaran en dúas coma un ollomol, e tivese que da-la metade de min mesma.

LÁMPITO. Eu tamén subiría ata o cume do Taiguetto se alí puidera ve-la paz.

LISÍSTRATA. Entón, vouvos falar. Non teño por qué gardar por máis tempo o segredo: Mulleres, se queremos obrigar ós homes a face-la paz, é preciso absternos...

MÍRRINA. ¿De que? Fala.

LISÍSTRATA. ¿Farédelo?

MÍRRINA. Farémo-lo, aínda que teñamos que morrer.

LISÍSTRATA. ¡Pois, ben! É preciso abstérmonos... da cousa. ¿Por que me volvéde-las costas? ¿Onde ides? Escoitádeme, logo: ¿por que apertáde-los beizos e movéde-la cabeza? ¿Por que mudáde-la cor e derramades bágoas? ¿Faréde-lo ou non? Decidide.

MÍRRINA. ¡Non! ¡Non o farei! Que a guerra siga o seu curso.

CALÓNICE. ¡Non, por Zeus! Eu tampouco. Que continúe a guerra.

LISÍSTRATA. ¿E es ti quen di eso, o ollomol de hai un intre, que ofrecía deixarse cortar en dúas?

CALÓNICE. Fóra de esto, todo o que ti queiras. Pasarei a través do lume se fora preciso. Todo antes que renunciar á cousa, pois non hai nada no mundo que se lle pareza, miña boa Lisístrata.

LISÍSTRATA. ¿E ti?

MÍRRINA. Eu tamén prefiro atravesalo lume.

LISÍSTRATA. ¡Oh, sexo disoluto! Gobernado enteiramente polo desexo. ¡Con tanta razón se mofan de nós nas traxedias! En nós se basea este proverbio: «Sempre Neptuno e a súa barca»<sup>10</sup>. Alomenos ti, querida laconia, permanece comigo. Aínda que sexa soa, o asunto pode aínda salvarse. Vota comigo.

LÁMPITO. É duro para as mulleres, ¡que os deuses me sexan testemuñas!, durmir soas sen ese compañeiro. Sen embargo, é preciso. A paz ante todo.

LISÍSTRATA. ¡Oh, queridísima! Ti es entre todas estas a única verdadeiramente muller.

10. Proverbio que significa: «Non pensemos máis ca neso». Alude tamén á peza *Tiro de Eurípides*, na que esta heroína, seducida polo deus, espuxo ós dous fillos seus nun barco; é dicir, a natureza das mulleres é sempre a mesma.

MÍRRINA. Supoñendo, ¡os deuses non o queiran!, que nos absteñamos absolutamente do que ti dis, ¿cres que con eso adiantaría máis a paz?

LISÍSTRATA. ¡Certamente, polas deusas! Estamos nos nosos fogares, pintadas e adornadas; espidas baixo as nosas túnicas de Amorgos<sup>11</sup>; paseándonos ben depiladas. Os homes excítanse e queren gozar de nós. Rexeitemos logo os seus aloumiños, absteñámonos, e eles farán rapidamente a paz. Estou segura de eso.

LÁMPITO. Así foi, segundo creo, como Menelao, ó ver espidas as mazás<sup>12</sup> de Helena, tirou a súa espada.

MÍRRINA. ¿E se os homes nos abandonan?

LISÍSTRATA. Entón, como di Ferécates, «esfolaremos un can esfolado»<sup>13</sup>.

MÍRRINA. ¡Todas esas imitacións son chilindradas! ¿E se nos arrastran á forza ó seu cuarto?

LISÍSTRATA. Agárrate con forza á porta.

MÍRRINA. ¿E se nos pegan?

LISÍSTRATA. Cede, pero de mala gana; pois gozarás máis se hai violencia. Por outra parte, nas nosas mans está o poder atormentalos. Queda tranquila. Eles renunciarán, e rapidamente. Non hai voluptuosidade no home, só cando é compartida pola muller.

MÍRRINA. Se esa é a túa opinión, tamén é a nosa.

LÁMPITO. Polo que respecta ó noso marido, xa os decidiremos «a facer en todas partes unha paz xusta e franca». Pero ¿quen poderá xamais convencer a esa multitude axitada de atenienses para que non cometan máis loucuras?

LISÍSTRATA. Non desacougues. Eso é cousa doada. Levaremos alí ós nosos.

LÁMPITO. Endexamais, mentres pensen nas galeras e no tesouro sen fondo que custodia a deusa<sup>14</sup>.

LISÍSTRATA. Todo está previsto. Apoderarémonos hoxe mesmo da Acrópole. É a parte que corresponde ás máis vellas de nós. Men-

11. Eran de gasa transparente.

12. Os seus peitos.

13. Proverbio que significa «facer unha cousa que xa está feita»; o escoliasta di que a frase non se atopa no cómico Ferécates. Aristófanes muda aquí o seu sentido, refírese a un consolador (o «can» designa o órgano sexual masculino)

14. O Partenón, onde se custodia o tesouro de Atenas.

tres nos xuntamos aquí, elas ocuparán a cidadela co pretexto dun sacrificio.

LÁMPITO. Que todo se leve a cabo sen dificultade. O que ti dis é o máis oportuno.

LISÍSTRATA. ¿Por que, Lámpito, non confirmamos de contado este acordo con un xuramento inviolable?

LÁMPITO. Dáno-la fórmula, e nós xuraremos.

LISÍSTRATA. Dis ben. ¿Onde está a muller escita<sup>15</sup>? ¿En que pensas ti? Pon aquí diante o escudo boca abaixo, e que me traian as vísceras<sup>16</sup>.

MÍRRINA. Lisístrata, ¿sobre que nos farás xurar?

LISÍSTRATA. ¿Sobre que? Sobre o escudo, como fixera Esquilo nou- tro tempo, segundo se di. Sacrificaremos unha ovella.

MÍRRINA. ¡Oh, non, Lisístrata! Nada de escudos para xura-la paz.

LISÍSTRATA. Entón, ¿que xuramentos faremos?

MÍRRINA. Tomemos de algún sitio un cabalo branco, e que sexa a nosa vítima.

LISÍSTRATA. ¿Onde atoparemos ese cabalo branco?

MÍRRINA. Sen embargo, ¿como xurar?

LISÍSTRATA. Permíteme. Voucho dicir: poñemos no chan unha copa grande e negra do revés<sup>17</sup>, sacrificámo-lo carneiro... de un xerro de viño de Tasos. E xuremos sobre a copa... non botar auga<sup>18</sup>.

CALÓNICE. Non lle mesturedes nin unha soa gota de auga.

LÁMPITO. ¡Oh, que xuramento tan fermoso! Non podería dicir canto me praxe.

LISÍSTRATA. Que traian a copa e a ánfora.

CALÓNICE. ¡Oh, queridísimas, que xerro tan grande!

MÍRRINA. ¡Con só tocalo, sentirémonos ledas!

15. Os escitas facían de policías na Asemblea ateniense.

16. As vísceras das supostas vítimas do sacrificio, que tiñan destinos rituais. Paródiase o sacrificio sobre un escudo en *Os Sete contra Tebas* de Esquilo.

17. Parodia do escudo «ó revés»; en realidade a copa porase en pé, pois sobre ela ha se verte-lo viño do xerro, a suposta sangue do «carneiro».

18. É dicir, beberán o viño puro, sen auga. Refírese, como toda esta escena, á afección das mulleres á bebida.

LISÍSTRATA. Deixa a copa, e colle a vítima. ¡Deusa Persuasión, soberana nosa, e ti, copa da amizade<sup>19</sup>, recíbide as nosas ofrendas e mostrádevos propicias ás mulleres!

MÍRRINA. O sangue ten boa cor. ¡Que ben corre!

LÁMPITO. ¡Que doce cheiro, por Cástor!

LISÍSTRATA. ¡Non, por Venus! A non ser que a sorte te designe.

*Lisístrata.* -Agora, Lámpito, poñamos tódalas mans sobre a copa. E que unha de vós repita, en nome de todas, as palabras que vou pronunciar. Logo xuraredes e sancionaráde-la promesa: «Que endexamais nin amante, nin marido...».

MÍRRINA. «Que endexamais nin amante, nin marido...».

LISÍSTRATA. «...Se me achegará, acendido de amor». Repite.

MÍRRINA. «Se me achegará, acendido de amor». ¡Ai, Lisístrata! Dóbranseme os xeonllos.

LISÍSTRATA. «Vivirei castamente no meu fogar...».

MÍRRINA. «Vivirei castamente no meu fogar...».

LISÍSTRATA. «Vestindo unha túnica transparente, pintada e adornada...».

MÍRRINA. «Vestindo unha túnica transparente, pintada e adornada...».

LISÍSTRATA. «Co fin de provocar violentos ardores no meu esposo...».

MÍRRINA. «Co fin de provocar violentos ardores no meu esposo...».

LISÍSTRATA. «Endexamais me abandonarei a el de boa gana».

MÍRRINA. «Endexamais me abandonarei a el de boa gana».

LISÍSTRATA. «Se me toma pola forza, brutalmente...».

MÍRRINA. «Se me toma pola forza, brutalmente...».

LISÍSTRATA. «Cederei de mala gana, sen sumarme ós seus desexos».

MÍRRINA. «Cederei de mala gana, sen sumarme ós seus desexos».

MÍRRINA. «Non levantarei os pés do chan».

MÍRRINA. «Non levantarei os pés do chan».

LISÍSTRATA. «Non me porei como a leona esculpida nos mangos de coitelo<sup>20</sup>».

19. A que bebían para reconciliarse dous partidos en disputa.

20. Os mangos dos coitelos para o doce estaban esculpidos, e a miúdo representaban leóns aniñados.

MÍRRINA. «Non me porei como a leona esculpida nos mangos de coitelo».

LISÍSTRATA. «Se manteño este xuramento, permítaseme beber nesta copa».

MÍRRINA. «Se manteño este xuramento, permítaseme beber nesta copa».

LISÍSTRATA. «E se non o cumpro, que a copa se encha de auga».

MÍRRINA. «E se non o cumpro, que a copa se encha de auga».

LISÍSTRATA. ¿Ides facer todas o xuramento?

MÍRRINA. ¡Si, todas!

LISÍSTRATA. Ben. Vou face-lo sacrificio. (Bebe)

MÍRRINA. Non o bebas todo, amiga. Consolidemos primeiro a nosa amizade.

LÁMPITO. ¿Que barullo é ese?

LISÍSTRATA. É precisamente o que vos anunciei. Son as mulleres que acaban de ocupa-la cidadela de Minerva. Agora, regresa a Esparta e amaña as cousas no teu fogar. Déixanos ás túas compañeiras como reféns. Nós imos á acrópole para reunirmos coas demais mulleres e pecharnos alí xuntas<sup>21</sup>.

MÍRRINA. ¿Non pensas que os homes se van abalanzar de contado contra nós?

LISÍSTRATA. Pouco me preocupan eles. Nin todas as súas ameazas nin todo o lume bastarán para forzar aquela porta, a menos que acepten de inicio as nosas condicións.

MÍRRINA. Endexamais. ¡por Venus!, mentres fagamos honor á nosa fama de mulleres teimosas e prexudiciais.

CORO DE ANCIÁNS. Veña, Draces, avanza suavemente a pesares de ese feixe de oliveira verde, carga demasiado pesada para as túas magoadas costas. ¡Cantas cousas imprevistas se ven nunha longa vida! ¡Ah! ¿Quen habería de contar endexamais, Estrimodoro, con semellante nova? ¡As mulleres, esa aborrecible peste que nós mantemos nas nosas casas, puxeron as súas mans sobre a imaxe santa, ocuparon a cidadela e pecharon con trancas e ferrollos o acceso ós propileos!

21. Detrás das columnas dos Propileos o muro ten cinco portas, que pechaban a entrada a Acrópole; a elas se refire Aristófanes.

«Corramos á acrópole; de présa, Filurgo. Fagámoslle un cerco con estes fachos e levantemos unha pira. Queimemos coas nosas mans, de unha vez, a todas as que tramaron e executaron esa conspiración. A todas, e á muller de Lincón<sup>22</sup> a primeira. ¡Non, por certo! Mentres teña un alento de vida, non serei eu o seu xogete. O propio Cleómenes<sup>23</sup>, o primeiro que se apoderou da cidadela noutro tempo, non saíu dela enteiro. A pesares da súa arrogancia lacedemonia, tivo que entrega-las armas e saír con un casco vello e estragado. Suxo e lordento, parecía non terse afeitado nin bañado dende había seis anos. Eu, que lle arrebatei a fortaleza a semellante inimigo e plantei a garda de noite en dezaseis ringleiras fronte ás súas portas, ¿como podería agora non castigar a esas inimigas de Eurípides, e dos deuses; cómo non reprimiría persoalmente unha audacia tal? ¡Ah! ¡Que antes desaparecera o meu trofeo da Tetrápole<sup>24</sup>!».

«Velaquí o camiño que debemos seguir, esa difícil costa, para chegar ata a cidadela que non podo apartar do meu pensamento. Intentemos arrastrar eso sen a axuda de ningunha besta de carga. ¡Os dous feixes tortúranme as costas! Sen embargo, hai que subir. Avivemos ese lume, para que non se apague sen darnos conta ó fin do camiño. (Sopra.) ¡Fu, fu! ¡Ai, ai, canto fume! ¡Heracles divino! ¡Que fume irresistible se escapa desta ola! ¡Trábame nos ollos como unha cadela coa rabia! É o verdadeiro lume de Vulcano e eso para roer así as miñas remelas. ¡Valor, logo! ¡Adiante, á cidadela, en socorro da deusa! ¡É o momento oportuno agora ou nunca, Laques, para acudir na súa axuda! (Sopra.) ¡Fu, fu! ¡Ai, ai, o fume! Necesitámo-la protección dos deuses para manter tan avivado ese lume!».

«Escomencemos primeiro por deixar aquí eses dous feixes. Logo acenderemos un monllo de bacelos no braseiro e lanzaré-molo contra a porta, a xeito de ariete. Se a pesar da nosa con-

22. Lisistrata, principal personaxe de esta comedia; Aristófanes xoga a sorprendere, o público esperaba o nome de Lisistrata.

23. Cleómenes, rei de Esparta, apoderárase da Acrópole no ano 508 para axudar a Iságoras a impoñer un réxime aristocrático, pero houbo de capitular e retirarse.

24. O trofeo da Tetrápole era o de Maratón, a maior gloria nacional de Atenas, e chamábase dese xeito por terse levantado nun territorio da Ática, que comprendía as aldeas de Maratón, Enoé, Probálnito e Tricórito.

minación as mulleres non abren os ferrollos queimarémo-las portas e asfixiarémo-las co fume. Imos, deixémo-los feixes no chan. ¡Ai, o fume! ¡Puf! ¿Onde atoparei a un dos xenerais de Samos para que me axude a sacudir ese fardo<sup>25</sup>? ¡Ó fin! Xa non me esnaquizará as costas. Veña, ti, braseiro, a ver se aviveces os teus carbóns e me proporcionas rapidamente un bo facho acendido. ¡Ti, Victoria, soberana nosa, ponte da nosa parte! ¡Fai que, despois de ter castigado a insolencia das mulleres pechadas na acrópole, poidamos levantar enriba delas un trofeo!».

CORO DE MULLERES. Paréceme, amigas miñas, percibi-lo escintileo das chamas e o fume. Diríase que é un incendio. ¡Alarma! Deámonos présa. Bule, bule, Nicódice, antes que Cálca e Cristila, envoltas nun sopro ardente, perezan incendiadas por eses infames anciáns e as súas leis sen piedade. Aí está o meu temor: ¿chegarei tarde demais? Á fin estou aquí. Dende esta mañá estaba na fonte. Enchín o meu cántaro con grande traballo, no medio do barullo e o balbordo de olas batendo entre si, das serventas e as escravas que me empurraban cos cóbados. Metínme, collín o meu cántaro e leveillo ás miñas concidadás incendiadas, pois dixéranme que uns vellos chochos subían á cidadela, arrastrando montóns de troncos que pesan tres talentos<sup>26</sup>, e que bastarían para quentar uns baños públicos. Cospen horribles ameazas, e van queimar vivas a esas, segundo eles, aborrecibles mulleres. ¡Ah! ¡Fai, deusa, que non as vexa reducidas en carbóns, senón antes que liberen a Grecia e ós seus concidadáns da guerra e das súas loucuras. Pois é só por ese motivo, ¡oh, deusa do penacho de ouro, protectora da cidade!, que ocuparon o teu templo. ¡A ti te invoco, filla de Zeus! ¡Combate connosco, e se algún home lles prende lume, axúdanos a leva-la auga!

ESTRÁTILIS. Deixa, logo. ¡Oh...!

CORO DE MULLERES. ¿Que estades a facer aborrecible ralea? ¡Nunca os bos e os honrados se terían conducido dese xeito!

CORO DE ANCIÁNS. ¡Que vexo? Non esperaba esa nova aventura. ¡Un enxame de mulleres ven aínda a defender esa porta!

25. Acababa Atenas de sacudirse o xugo dos Catrocenos e de restablece-la democracia, coa axuda de Trasíbulo, Trásilo e outros xenerales con mando en Samos.

26. Un talento equivale a vintecinco quilos aproximadamente.

CORO DE MULLERES. ¿Sufrides de torcellón, verdade? ¿Abráivos que sexamos tantas? Sen embargo, non vedes nin tan sequera a dezmilésima parte das nosas forzas.

CORO DE ANCIÁNS. ¡Fedrias! ¿Deixarémolas berrar aínda por máis tempo? ¿Non poderíamos romperlles un caxato nas súas costas?

CORO DE MULLERES. Deixemos no chan os nosos cántaros para que non nos estorben se nos poñen a man enriba.

CORO DE ANCIÁNS. ¡Por Zeus! Se lles asestamos uns bos paos nas queixadas, como a Búpalo<sup>27</sup>, cortariámoslles de contado a palabra.

CORO DE MULLERES. ¡Pois ben! Aquí estou. ¡Báteme! Espérote co pé firme, pero endexamais unha cadela che trabará ese pendón<sup>28</sup>.

CORO DE ANCIÁNS. Cala, ou espelicareite con tódalas miñas forzas.

CORO DE MULLERES. Téntao, proba a tocar a Estrátilis coa punta do teu dedo.

CORO DE ANCIÁNS. ¡Que dano poderás causarme, se te esnaquizo a paos?

CORO DE MULLERES. Comereiche os pulmóns e arrincareiche as tripas.

CORO DE ANCIÁNS. Eurípides<sup>29</sup> ten moita razón. Nunca ningún poeta o dixera mellor: non hai animal máis impúdico que a muller.

CORO DE MULLERES. Collamos de novo os nosos cántaros de auga, Rodipa.

CORO DE ANCIÁNS. ¿Que vés facer aquí coa túa auga, inimiga dos deuses?

CORO DE MULLERES. ¿E ti vella tumba, co teu lume? ¿É acaso para queima-lo teu cadáver?

CORO DE ANCIÁNS. Quero levantar unha pira e asar nela as túas amigas.

CORO DE MULLERES. Pois eu, quero apagar con elas a túa pira.

CORO DE ANCIÁNS. ¿Apagar ti, o meu lume?

27. Personaxe violentísimamente atacado polo poeta Hiponacte.

28. Órgano sexual masculino.

29. Eurípides era o inimigo nato das mulleres, a xuízo os cómicos.

CORO DE MULLERES. Voucho probar.

CORO DE ANCIÁNS. ¿Sabes que no mesmo instante te asarei con este facho?

CORO DE MULLERES. Se estás cotroso, vouche dar un baño.

CORO DE ANCIÁNS. ¿Un baño a min, vella porca?

CORO DE MULLERES. Si, un baño nupcial.

CORO DE ANCIÁNS. ¿Escoitádelo? ¡Que insolencia!

CORO DE MULLERES. Son libre.

CORO DE ANCIÁNS. Vou acabar cos teus berros.

CORO DE MULLERES. Xa non vulgarás máis na praza Heliea<sup>30</sup>.

CORO DE ANCIÁNS. Quéimalle o cabelo.

CORO DE MULLERES. ¡Aqueloo, fai o teu traballo<sup>31</sup>! (Guinda o contido dos cántaros sobre a cabeza dos anciáns.)

CORO DE ANCIÁNS. ¡Ai, ai! ¡Desgraciado!

CORO DE MULLERES. ¿Estaba quente?

CORO DE ANCIÁNS. ¡Ah, si; quente! ¡Detente! ¿Que vas facer?

CORO DE MULLERES. Régote para que reverdezcas.

CORO DE ANCIÁNS. ¡Ai! Estou demasiado reseco, e aterecido.

CORO DE MULLERES. ¡Pois ben! Xa tes lume. ¡Sécate!

UN MAXISTRADO<sup>32</sup>. ¡Bastante se mostrou xa a desvergoña feminina, cos seus tamboriles, as súas orxías sen fin e as súas lamentacións á Adonis<sup>33</sup>, dende o alto das terrazas! Os seus berros chegaban o outro día ata a Asemblea<sup>34</sup>: Demóstrato, ¡que Zeus confunda!, propuña que nos fixeramos ó mar rumbo a Sicilia. A súa esposa bra-daba bailando: ¡Ai, ai! ¡Adonis!» Demóstrato reclamaba un recrutamento de hoplitas<sup>35</sup> de Zacinto. A súa esposa, bébeda, berregaba dende o seu tellado: «¡Batede os vosos peitos por Adonis!» E el, ese

30. A Heliea ou tribunal popular era o lugar onde os xuíces abusaban ás veces do seu poder, segundo o mesmo Aristófanes describe na súa obra *As avespas*.

31. Nome de varios ríos de Grecia e do deus pai deses ríos.

32. Aristófanes fai intervir a un dos dez Comisarios nomeados no ano 413 para poñer solución a catastrófica situación. Tiñan autoridade para proporlle medidas á Asemblea.

33. Nestas festas na honra de Adonis as mulleres choraban ó amante de Venus morto e simulaban o seu enterro.

34. Refírese á Asemblea na que se decidiu a expedición a Sicilia, o ano 415; coincidiu coa celebración das Adonias. Segundo outras fontes, é cando partía a flota cando se celebraba a festa. En todo caso, a coincidencia considerouse un mal presaxio. Demóstrato é un personaxe real.

35. Soldados de infantaría pasadamente armados.

inimigo dos deuses, ese infame Colociges<sup>36</sup> violentábanos sen cesar. Velái o que valen os seus desvergonzados cantos.

CORO DE ANCIÁNS. ¿Que diñades, logo, se coñecerades toda a súa desvergonza? Despois de mil inxurias, baleiraron sobre min os seus cántaros, e agora teño que sacudi-los vestidos como se me tivera mexado dentro.

O MAXISTRADO. ¡Por Neptuno mariño<sup>37</sup>! É xusto. Convertémonos nos auxiliares da súa malicia. Ensinámoslles ás mulleres a desbaldir. Este é o xermolo das súas divisións. Somos nós quen entramos na tenda dun xoieiro para dicirlle: «¡Lémbra-lo colar que fíxeches para a miña muller? Pois onte á tarde, mentres bailaba, rompeulle o broche. Como teño que emprender unha viaxe a Salamina, se tes un momento, fai o posible para pasarte esta tarde pola miña casa, e axustarlle o broche». Outro vai ve-lo zapateiro, un home novo que xa non ten nada de neno: «Meu amigo -dille-, a miña muller leva unha correa que lle fire o dedo pequeno do pé. Como é moi delicado, poderías ir vela cara ó mediodía e ensancharlle a correa». O resultado de estas fermosas prácticas é o seguinte: eu, un maxistrado, contratei uns mariñeiros e necesito cartos de contado. Pero as mulleres plántanme á porta. De nada serve permanecer alí quieto. ¡Pronto, traédeme unhas pancas! Vou castiga-la súa insolencia. (ós seus acólitos.) ¡Ei! ¿Por que te quedas coa boca aberta, miserable...? E ti, ¿que miras alá? Non tes ollos máis que para a taberna. ¡Vamos! Poñede as pancas debaixo da porta, por aquí e facede salta-los ferrollos. Por este lado axudareivos a fundila.

LISÍSTRATA. É inútil que fundades nada. Saio pola miña propia vontade. ¿Para que serven os ferrollos? Non é esto o que necesitamos, senón xuízo e bo siso.

O MAXISTRADO. ¿Verdadeiramente, ruín impostora? ¿Onde está o arqueiro? Collédea e atádelle as mans ás costas.

LISÍSTRATA. ¡Oh, si, por Diana! Se se me achega un soamente, a pesares de ser un arqueiro, vaino lamentar.

36. Xogo de palabras: a Demóstrato chamábaselle Buciges (boi baixo o xugo), pero Aristófanes cambia ese alcume polo de Colociges (bilioso e nefasto baixo o xugo).

37. Parodia por «Poseidón Marino».

O MAXISTRADO (ó arqueiro.). ¿Tes medo? Suxéitaa polo van. Ti, axúdalle de prása e atádea entre os dous.

ESTRÁTILIS. Se lle po-la man enriba, ¡por Minerva! Esmágoche as tripas.

O MAXISTRADO. Xa o vedes: «Esmágoche as tripas». ¿Onde está o outro arqueiro? Atádeme primeiro a esa, xa que ten tan boa lingua.

LISÍSTRATA. ¡Por Hécate! Tócaa tan só co dedo e has pedir de seguida que che traian unha ventosa<sup>38</sup>.

O MAXISTRADO. ¿Que hai? ¿Onde está o arqueiro? Collédelle as mans a esa. Entre tanto, eu impedirei que saia algunha outra.

ESTRÁTILIS. Se te achegas a ela, ¡por Diana de Táuride! Arríncache os pelos, e vas a ouvear coma o Cócito<sup>39</sup>.

O MAXISTRADO. ¡Ai desgraciado! ¡Os meus arqueiros abandonámanme! Pero non se pode dar volta atrás ante as mulleres. ¡Escitas, estreidade as ringleiras! ¡Adiante todos!

LISÍSTRATA. Xa vos dirán, ¡polas deusas!, que temos alá catro batallóns de mulleres valentes e ben armadas.

O MAXISTRADO. ¡Escitas, atádelle as mans ás costas!

LISÍSTRATA. ¡A min, miñas aliadas! ¡Mulleres, saíde, correde! ¡Revendedoras de sementes, ovos e legumes; vendedoras de allos, releeiras e panadeiras! ¡Rachade, batede con gadoupa! ¡Insultade! ¡Sen temor algún!... ¡Chega, chega! Agora atrás. Non vos ispaides.

O MAXISTRADO. ¡Oh! ¡En que lamentable estado vexo os meus arqueiros!

LISÍSTRATA. Pero, ¿que te propuñas? ¿Crias ir contra unhas escravas? ¿Ignoras que ás mulleres férvelle o sangue?

O MAXISTRADO. ¡Oh, si! Fervendo, sobre todo á entrada dun baile. CORO DE ANCIÁNS. Fixeches uso e abuso dos teus discursos, excelente maxistrado, pero ¿por qué arremetes con palabras contra esas bestas bravas? ¿Non sabes cómo acaban de poñerme a min e ós meus vestidos? ¡E aínda, sen xabón<sup>40</sup>!

38. Usábanse para reduci-la inflamación producida por un golpe.

39. A Demóstrato chamábaselle Buciges (boi baixo o xugo), pero Aristófanes cambia ese alcume polo de Colociges (bilioso e nefasto baixo o xugo).

40. Non se trata propiamente de xabón, senón de cinzas e sosa, que empregaban para se lavar.

CORO DE MULLERES. ¿Que queres, amigo? Non se pode levantar a man tan lixeiramente contra o veciño. Por outra parte, témoslos ollos ardendo. Non quero outra cousa que vivir apraciblemente na miña casa, como unha mociña, sen amolar a ninguén e sen mover unha palla. Pero moito coidado co enxame de avespas, se alguén vén a recorta-la miña zona de influencia ou a provocarme.

CORO DE ANCIÁNS. ¡Oh, Zeus! ¡Como poder dominar a esas bestas bravas? ¡É intolerable! (Ó maxistrado.) Ti, considera o mal amigo. Saibamos a que fin ocuparon elas a cidadela de Cránaa<sup>41</sup>, a rochosa e inaccesible Acrópole, o santuario sagrado. Interrógasas e sé pouco crédulo. Tódolos medios son bos. Sería unha vergonza deixar así ese asunto, sen tentar coñece-las causas.

O MAXISTRADO. Pois ben. Quero saber, ante todo, con qué fin vos encerrastes na nosa cidadela, deixándonos fóra.

LISÍSTRATA. Para salva-los cartos e quitarvos todo pretexto para continua-la guerra.

O MAXISTRADO. ¿Como é eso? ¿É que nós facémo-la guerra polos cartos?

LISÍSTRATA. Tódolos desordes veñen de aí. É por te-la ocasión de roubar, que Pisandro<sup>42</sup> e tódolos intrigantes orixinan cada día algunha revolta. Pero o que é diñeiro, non o tocarán. Que fagan o que lles pete.

O MAXISTRADO. ¿Que farás ti?

LISÍSTRATA. ¡Boa pregunta! Administrarémolo nós mesmas.

O MAXISTRADO. ¿Administrar vós o tesouro?

LISÍSTRATA. ¿Abráíaste? ¿Acaso non somos nós as que administramos na casa os vosos gastos?

O MAXISTRADO. Non é o mesmo.

LISÍSTRATA. ¿Como non é o mesmo?

O MAXISTRADO. Ese diñeiro é para a guerra.

LISÍSTRATA. En primeiro lugar, qué necesidade hai de face-la guerra?

O MAXISTRADO. Sen ela, ¿como nos protexeríamos?

LISÍSTRATA. Xa nos protexeremos nós.

41. É un epíteto de Atenas 'a rochosa', aquí por estar substantivado, designa a Acrópole

42. Político oligárquico, un dos principais promotores da revolución deste signo no ano 411.

O MAXISTRADO. ¿Vós?

LISÍSTRATA. Si, nós, evidentemente.

O MAXISTRADO. ¡É indignante!

LISÍSTRATA. Salvarémosvos queirades ou non queirades.

O MAXISTRADO. ¡É intolerable!

LISÍSTRATA. Vexo que te incomodas, pero é preciso aceptalo.

O MAXISTRADO. ¡Por Ceres, empregáde-la violencia!

LISÍSTRATA. Non hai outro remedio. Salvarémoste, amigo.

O MAXISTRADO. ¿E se non quero?

LISÍSTRATA. Con máis razón aínda.

O MAXISTRADO. En fin, ¿de onde vos veu semellante inquietude pola paz ou a guerra?

LISÍSTRATA. Xa volo diremos.

O MAXISTRADO. Fala de présa, ou halo lamentar.

LISÍSTRATA. escoita. E sobre todo nada de xogos de mans.

O MAXISTRADO. ¡Imposible! As mans escápanme soas. Póñome furioso!

UNHA MULLER. Entón, es ti quen o vai lamentar.

O MAXISTRADO. Garda para ti, vella, os teus augurios e os teus grous. (Lisístrata.) E ti, fala.

LISÍSTRATA. Estou disposta a facelo. Ata aquí, durante a última guerra, nós as mulleres, aturámós coa nosa habitual modestia todo canto facían os homes. Vós coidabádesvos de que non soltáramos palabra. Sen embargo, non nos sentiamos satisfeitas, e víamos claramente onde iades. A cotío, sen movernos da casa, sabíamos dalgunha funesta resolución tomada por vós sobre un asunto de capital importancia. Entón, coa morte na alma e o riso nos beizos, preguntabámosvos: «¿Que decidistes engadir hoxe á estela<sup>43</sup> sobre a paz na Asemblea? ¿Que acordastes sobre a mobilización?» E o meu home contestaba: «¿A ti que che importa? ¡Cala!» E eu non calaba.

O MAXISTRADO. Pois faríante cantar, de non calares.

LISÍSTRATA. Eu pechaba a boca na casa. Logo sabíamos de que tomarades unha decisión máis nefasta aínda. Facíalle unha nova pregunta: «¿Como podedes, meu amigo, trata-los asuntos con tan

43. Refírese ás inscricións feitas á beira dun tratado dicindo, por exemplo, que o inimigo oña incumplido e que, polo tanto, Atenas tamén quedaba libre para face-lo mesmo.

pouco sentido?» el replicábame de contado, mirándome de esguello: «Segue tecendo a tea, doerache a cabeza. Os asuntos da guerra pertencen ós homes».

O MAXISTRADO. Moi ben dito, ¡por Zeus!

LISÍSTRATA. ¿Como? ¿Moi ben dito, miserable? Vós acababades de tomar unha resolución capital, e non tiñamos nin tan sequera o dereito de dárvo-la nosa opinión? Axiña vos escoitabamos berrar fortemente polas rúas: «Xa non quedan máis homes no país, por Zeus! ¡Xa non queda ninguén!» Entón as mulleres puxéronse de acordo, e decidiron salvar a Grecia nun común esforzo. Despois desto, ¿para que seguir esperando? Se queredes escoitar e recibir de nós un consello útil, permanecede calados. Calados igual ca nós antes, e poñerémosvos de novo no bo camiño.

O MAXISTRADO. ¿Guiarnos vós? ¡Que impertinencia! ¡Non podo nin oílo!

LISÍSTRATA. ¡Silencio!

O MAXISTRADO. ¿Ti, maldita, imposme silencio a min? ¿E levas un veo na cabeza<sup>44</sup>? ¡Antes morrer!

LISÍSTRATA. Si é eso o que che molesta, toma entrégoche o veo. Acéptao e pono na cabeza, pero cala. Toma tamén esa cesta, estreita o teu cinto, e fía a túa la comendo fabas. ¡Para nós os asuntos da guerra!

CORO DE MULLERES. ¡Mulleres, deixade alá os vosos cántaros! Tamén nós queremos participar e acudir en axuda das nosas compañeiras. ¡Non! Nunca me cansarei de bailar; xamais a canseira dobrará os meus xeonllos. Quero desafialo todo xunto a esas almas nobres. Non lles falta carácter. Posúen a gracia e o atrevemento; o talento, a prudencia e o patriotismo. ¡Oh, fillas de nais virís, verdadeira raza de actinias! ¡Avanzade cheas de ira, non vos abrandedes! ¡Correde! O vento aínda vos é favorable.

LISÍSTRATA. Que o amor voluptuoso dos corazóns e Venus de Chipre estendan, como a brisa, a gracia encantadora nos nosos seos e en tódolos nosos atractivos. Que os homes se pasmen e se endurezan por efecto de apaixonados ardores. Entón, ¡ah!, recibiremos sen dúbida entre os gregos o sobrenome de Lisímacas<sup>45</sup>.

44. É dicir, 'sendo ti muller non me vas facer calar'.

45. Que pon fin ós combates, «terminadoras de guerras».

O MAXISTRADO. ¿Como?

LISÍSTRATA. En primeiro lugar, e gracias a nós, non vos veremos máis pasearvos en armas e enfurecidos polo mercado.

UNHA MULLER. ¡Ben dito, por Venus de Pafos!

LISÍSTRATA. Neste momento están circulando armados pola praza, en medio de olas e legumes, coma se foran uns coribantes<sup>46</sup>.

O MAXISTRADO. ¡Sen dúbida! É propio de valentes.

LISÍSTRATA. Sen embargo, fermosa cousa é que vaia un home con escudo e Gorgona<sup>47</sup> mercar sardiñas.

UNHA MULLER. Eu vin a un da cabalería, cos seus longos cabelos, un xefe de cohorte, facerse botar no seu casco puré mercado a unha vella muller. E a outro, un tracio que como Tereo<sup>48</sup>, brandía a súa lanza e o seu longo escudo, pasmar a unha vendedora de figos mentres ía comendo os máis maduros.

O MAXISTRADO. Ben. E vós, ¿que medios tedes para reprimi-la desorde que reina en todas partes e trae-la calma?

LISÍSTRATA. Nada máis doado.

O MAXISTRADO. ¿Como? ¡ímolo ver!

LISÍSTRATA. Mira, cando o noso fío está enredado collémolo da seguinte maneira; poñémolo de novo no fuso, un anaco por aquí e outro por alá. Igualmente se se nos deixa facer, evitaremos de aquí para alá unhas embaixadas para desenredar esta guerra.

O MAXISTRADO. ¿É coa vosa la, co fío e os fusos co que pretendes amaño-los asuntos máis espiñentos?

LISÍSTRATA. Vós, se tiverades unha sombra de xuízo, tomariáde-lo modelo das nosas las para todo o voso goberno.

O MAXISTRADO. ¿Como? Dimo.

LISÍSTRATA. Primeiro poñémo-la la a lavar, para quitarlle toda a sucidade. Facede que os malvados pasen igualmente, baixo os bastóns de sacudir. Expulsádeos da cidade. Arrincade os cardos. En canto a esa xente que se aglutina, que forma unha madeixa, para empuxarse a obter cargos, illádeos coa carda. Desenredade a peluxe. Logo, que todos xuntos poñan no mesmo tear os metecos<sup>49</sup>, estranxeiros,

46. Os sacerdotes que danzaban en Creta a danza dos coribantes e louvaban a estes deuses, levaban armas.

47. É dicir, un escudo co emblema dunha cabeza de Gorgona.

48. Tereo é un personaxe mítico, rei tracio fillo de Ares.

49. Estranxeiros domiciliados en Atenas, con dereitos e deberes especiais.

amigos e contribuíntes do tesouro. Confundámoslos a todos. En canto ás cidades poboadas polos vosos colonos, consideremos que cada unha delas é para nós coma unha madeixa aparte. Tomemos tódolos cabos e traíámoslos aquí. Reunámoslos nun só anaco e formemos un enorme novelo, co que tecerémo-la túnica do pobo.

O MAXISTRADO. ¡Que piedade! ¡Cardar e enmadeixar así os asuntos! ¡Elas, que non toman a menor parte na guerra!

LISÍSTRATA. ¡Como, triple miserable! Levamos máis do dobre do seu peso. En primeiro lugar, nós facémo-los fillos e mandámoslos combater lonxe de aquí.

O MAXISTRADO. ¡Silencio! Non lémbre-las nosas desgracias.

LISÍSTRATA. Logo, cando teríamos que vivir satisfeitas e gozar da nosa xuventude, os nosos leitos permanecen solitarios. Pero non falemos de nós. As que me desesperan son as mozas que se fan vellas soas nas súas camas.

O MAXISTRADO. ¿Os homes non se fan vellos?

LISÍSTRATA. É moi diferente. Eles, ó seu regreso, aínda que teñan os seus cabelos brancos, logo atopan unha esposa nova. Pero a muller só ten un momento, e se non o colle ninguén quere saber nada dela. Queda para consulta-los augurios.

O MAXISTRADO. Pero cando un aínda é capaz de amar...

LISÍSTRATA. Entón, ti, ¿por que non rebentas? O teu sitio está preparado; merca un cadaleito. Eu amasareiche o doce de mel<sup>50</sup> e, mentres tanto, toma esto para coroa-la túa cabeza.

PRIMEIRA MULLER. Douche tamén esas fitas.

SEGUNDA MULLER. Acepta aínda esa coroa miña.

LISÍSTRATA. ¿Que máis che falta? ¿Que esperas? Sube á barca. Carón reclámate, e ti impídeslle partir.

O MAXISTRADO. ¡Verme tratado así! ¡Que indignidade! Voume presentar neste estado, diante dos meus colegas. ¡Corro alí!

LISÍSTRATA. ¿Quéixaste de que non te teñamos exposto<sup>51</sup>? Acouga. Dentro de tres días, ó amencer, servíremosche a oblación de costume.

50. Refírese á torta de mel que se puña co cadáver, para que o Cerbeiro o deixara pasar. O maxistrado recibe o mesmo trato que un cadáver.

51. Referencia á exposición do cadáver antes do enterro, e, a continuación, ás ofrendas que lle levaban ó terceiro día da súa morte.

CORO DE ANCIÁNS. Para os homes libres, non se trata de durmir. ¡Ei! Os vestidos estorban, amigos, e mans á obra. Creo ulir algunha conspiración máis terrible aínda que a primeira. Sospeito con seguridade a tiranía de Hípías<sup>52</sup>. Moito temo que os laconios reunidos aquí na casa de Clístenes<sup>53</sup>, inciten a esas mulleres inimigas dos deuses, a que se apoderen do noso tesouro e da paga que me permitía vivir. ¡É monstruoso que elas pretendan aconsellar ós cidadáns! ¡Elas, unhas mulleres, razoan sobre os escudos de bronce e, para impoñérmo-la paz, únense cos laconios xente sen fe, peor que os lobos famentos! Si, cidadáns. Temos diante de nós unha trama en vistas á tiranía. Pero elas non me tiranizarán. Permanecerei atento. De agora en diante levarei comigo unha espada con un ramó de mirto. Vixiarei armado na ágora, preto de Aristogitón<sup>54</sup>. Poreime así... É o propio deus quen me inspira que rompa as queixadas desta vella, inimiga dos deuses.

CORO DE MULLERES. Cando volvas ó teu fogar, a túa propia nai non te reconecerá. Pero, queridas vellas, deixemos antes esto ó chan. ¡Cidadáns todos, escoitade! Vou falar en interese desta cidade. Debo facelo, pois ela instruíu a miña mocidade. Con sete anos, fun xa unha arréforo<sup>55</sup>. Logo, xiraba a roda do muíño sagrada<sup>56</sup>. Con dez anos vestínme en honor de Diana co vestido amarelo flotante, e fun unha osa<sup>57</sup> nas brauronías. Unha vez doncela fun canéfora<sup>58</sup> e adornáronme co colar de figos<sup>59</sup>. A cambio de eso, ¿non podo dar un consello á República? Son muller, sen dúbida, ¿pero é eso un motivo para rexeitarme, se traio algún

52. Último tirano de Atenas, derrocado no 510 a. C.

53. Aristófanes acusa a miúdo a este personaxe de afeminado, isto explica que figure aquí como partidario das mulleres.

54. Toma a mesma actitude que a estatua de Aristogitón no grupo en bronce dos tiranidas, na ágora; levanta a súa suposta espada, pero é ás mulleres ás que quere ferir. Un novo grupo dos tiranidas, de Critio e Nesiotes, fora colocado na ágora cando o orixinal de Antenor o levaran os persas no ano 480 a.C.

55. Estas nenas tecían o peplo de Atenea, que se lle ofrendaba na festa das Panateneas; o seu nome vén dos obxectos misteriosos (quizá símbolos sexuais) que levaban en cestiñas nunha festa de Afrodita dos Xardíns, que era o culto do que proceden. Vivían na Acrópole.

56. Moían trigo para os doces utilizados no culto a Atenea.

57. As mozas atenienses facían o papel de osas, e así lle chamaban, nas danzas rituais no culto de Artemis, en Braurón.

58. Portadoras de cestiños, que formaban parte da comitiva das Panateneas.

59. Figos secos, a súa ofrenda á deusa era ritual.

consolo para os nosos males? Eu tamén pago a miña parte nos impostos. Doulle homes ó Estado. Vós, pola contra, tristes vellos, non pagades ren. Malgastáste-lo tesouro dos nosos pais, a contribución médica, e lonxe de participar en algo proveitoso estades ocasionando a nosa ruína. Estavos ben resmungar. ¡Nin unha soa palabra máis! Do contrario, se me enches moito, aplicareiche sen miramentos ese coturno nas queixadas.

CORO DE ANCIÁNS. ¡Que escandalosa insolencia! Supoño que irá en aumento. Debemos combate-lo mal, se é que non somos eunucos. Quitémo-las túnicas. O home debe ulir a home; non é propio del ir enfaixado coma un neno. ¡Ei, adiante! ¡Lobiños dos bos tempos, tódolos que ocupamos Lipsidrión<sup>60</sup>! Entón contabamos para algo. É preciso que hoxe, agora mesmo, volvamos ós nosos anos mozos, tomemos de novo as ás e sacudamos este po da velez. Por pouco que se lles deixe facer, elas non se deterán ata poñe-la man en todo. Pretenderán construír embarcacións, combater no mar e ataca-las nosas flotas como Artemisa<sup>61</sup>. Se elas lle toman gusto á equitación, abolirei os xinetes, xa que a muller prefire cabalgar e aguanta firme no seu posto. Non a desarzonas facilmente ó galope<sup>62</sup>. Pensade nas amazonas que Micón<sup>63</sup> respectou combatendo a cabalo contra os homes. O que elas necesitaban é unha boa argola que se axuste ós seus pescozos.

CORO DE MULLERES. Se me quénta-la bile, ¡polas deusas<sup>64</sup>!, vou solta-la miña besta, e voute espelicar ata facerte berrar: «¡Compañón, meus amigos!» ¡Veña! Tamén nós, compañeiras, quitarémo-las túnicas de présa, de ulir a muller enfurecida e disposta a trabar. (ós anciáns.) ¡Avanzade agora; faremosvos perde-lo gusto do allo e das fabas negras! Pronuncia só unha palabra sospeitosa e farei contigo o mesmo que o escaravello á aguia<sup>65</sup>.

60. Trala morte de Hiparco, os demócratas apoderáronse de Lipsidrión, pero tiveron que capitular ante Hípías. Lembráboo un famoso escolio.

61. Raiña de Halicarnaso que loitou ó lado dos persas en Salamina.

62. Esas frases constitúen outros tantos equívocos.

63. Trátase dun fresco da loita entre os atenienses e Amazonas, no pórtico Pecila (pintado) de Atenas.

64. Deméter e Persefona eran as deusas polas que xuraban as mulleres.

65. Referencia á fábula do escaraballo e a aguia: Zeus deixou caer os ovos cando se lle acercou o primeiro.

UNHA MULLER. Non me preocupo de vós mentres teña ó meu carón a Lámpito e á miña nobre amiga, a moza tebana Ismenia. Lembra, se che praxe, sete decretos. Nada conseguirás, miserable, pois es detestado por tódolos teus veciños. Aínda onte celebraba a festa de Hécate. Pedín ós meus veciños, para os meus fillos, unha boa e agradable anguía de Beocia, pero negáronma a causa dos teus decretos. Para rematar con eles, será preciso collervos polos pés e rompérvo-lo pescozo nalgún precipicio.

CORO DE MULLERES. ¡Oh, ti, que presíde-la nosa obra e os nosos proxectos «¿Por que ofreces ese aire sombrío ó saíres do pazo<sup>66</sup>?»

LISISTRATA. É a malvada conducta das mulleres e a súa alma afeeminada, o que me pon fóra de min. Non podoo acougar.

CORO DE MULLERES. ¿Que estás a dicir? ¿Que dis?

LISISTRATA. A verdade, a verdade.

CORO DE MULLERES. ¿Que foi? ¿Que desgracia? Non agaches nada ás túas amigas.

LISISTRATA. ¿É vergonzoso dicilo, e demasiado pesado para calalo?

MULLERES. Non me ocultes nada. ¿Cal é esa desgracia que nos ameaza?

LISISTRATA. En dúas palabras: estamos tolas.

CORO DE MULLERES. ¡Oh, Zeus!

LISISTRATA. ¿Para que berrar, oh Zeus? A cousa está clara. Elas buscan ós homes, e non podoo retelas. Todas marchan. A primeira que vin, abría un burato polo lado do santuario de Pan. Outra fuxía pola muralla coa axuda dunha roldana. Esa pasábase ó inimigo, e aquela collera un paxaro e dispúñase, onte, a ir á casa de Orsíloco<sup>67</sup>. Tróuxena polos pelos. Para regresar ás súas casas, calquera pretexto é bo para elas. Precisamente, por alí chega unha. ¡Ei, ti! ¿Cara a onde corres?

MULLER PRIMEIRA. Quero ir á miña casa. Alí teño a de Mileto, que está comendo a traza...

LISISTRATA. ¡Non hai traza que valla! ¿Queres volver ó teu posto?

MULLER PRIMEIRA. Volvo de contado, ¡polas deusas! Tan só o tempo de me estender por riba da cama...

66. Verso de *Telefo*, de Eurípides. Toda a escena que segue contén parodia tráxica.

LISÍSTRATA. Non estendas nada nin vaias a sitio ningún.  
 MULLER PRIMEIRA. ¿Vou deixar que se perda a miña la?  
 LISÍSTRATA. ¡Si, se é preciso!  
 MULLER SEGUNDA. ¡Pobre de min, pobre do meu liño! Deixei o meu liño na casa sen pelar<sup>68</sup>.  
 LISÍSTRATA. Outra que vai pela-lo seu liño. ¡Volve para dentro!  
 MULLER SEGUNDA. ¡Por favor, por Diana! Unha vez cumprido, volverei de contado.  
 LISÍSTRATA. ¡Non! Non o cumpras. Se ti fas eso, outra quererá face-lo mesmo.  
 MULLER TERCEIRA. ¡Venerable Lucina<sup>69</sup>! Retén o parto ata que teña saído do santuario.  
 LISÍSTRATA. ¡Necidades!  
 MULLER TERCEIRA. ¡É verdade! Vou parir.  
 LISÍSTRATA. Onte non estabas preñada.  
 MULLER TERCEIRA. Pero hoxe estouno. ¡Ah! De présa, Lisístrata, déixame ir á casa en busca da comadre.  
 LISÍSTRATA. ¿Que nos estás a explicar? ¡Ei! ¿Que levas aí tan duro!  
 MULLER TERCEIRA. Un neno.  
 LISÍSTRATA. ¡Non é verdade, por Venus! Parece antes unha ola de metal. Vexamos un pouco. ¡Que farsa! É o casco sagrado o que levas aí, e dicías que estabas preñada.  
 MULLER TERCEIRA. Si que o estou, ¡por Zeus!  
 Lisístrata. -Entón, ¿a que vén ese casco?  
 MULLER TERCEIRA. Direicho. Se me tiveran sorprendido as dores na cidadela, tería empregado o casco para parir, coma unha rula.  
 LISÍSTRATA. ¿Estás chocheando? ¿Para que eses pretextos? A cousa está clara. ¿É que vas esperar aquí a festa do... casco<sup>70</sup>?  
 MULLER CUARTA. Xa non podo durmir por máis tempo na cidadela, dende que vin a serpe<sup>71</sup> que garda o templo.

67. Home de mala reputación, dono dunha casa de prostitución.

68. O liño mállase non se pela á man. Trátase de alusións ó acto sexual.

69. Deusa dos partos. Pídelle axuda pois na Acrópole, lugar sagrado, non se podía parir.

70. Esperábase «do neno». As *amphidromia* é unha festa na que se lle ensinaba o neno ós veciños e estes ofrecíanlle agasallos; algo semellante á festa do bautizo.

71. Había a crenza de que unha serpe gardaba a Acrópole, esta vivía no templo de Erecto. Durante a ocupación persa, abandonou a Acrópole.

MULLER QUINTA. A min mátame o insomnio, con esta lexión de mouchos e o seu eterno berro de serra.

LISÍSTRATA. Boas pezas, ¡xa está ben de contos fantásticos! Vós botades en falta ós vosos maridos. Ben se ve. ¿Credes que eles non senten tamén a vosa falta? Están pasando unhas noites crueles, seino ben. Achantade amigas miñas. Aceptade o voso mal con paciencia, un pouco máis aínda, pois un oráculo prométeno-la victoria se permanecemos unidas. Esas son as palabras:

CORO DE MULLERES. Fala, fala.

LISÍSTRATA. Calade, pois. «Cando as andoriñas<sup>72</sup>, ó fuxir das bube-las, se agazapen xuntas e non se faga caso de miudezas, entón os males rematarán. Zeus, que trona nos ceos, porá debaixo o que está por riba...».

CORO DE MULLERES. ¿Nós estaremos encima?

LISÍSTRATA. «Pero se as andoriñas se separan e alzan o voo moi rápido lonxe do templo sagrado, entón dirase que non hai no mundo paxaro máis rufián».

CORO DE MULLERES. O oráculo está claro, ¡por Zeus! Non nos desmintamos, ¡por tódolos deuses! Aceptemos con paciencia o noso mal e volvamos ós nosos postos. Sería vergonzoso, amigas, traizoa-las promesas do oráculo.

CORO DE ANCIÁNS. Quero contarvos un conto que aprenhín de neno. Escoitade: Érase unha vez un mozo chamado Melanión<sup>73</sup>, a quen o odio polo matrimonio levou ó deserto, a vivir entre as montañas. Cazaba lebres, preparaba trampas e tiña un can. Nunca máis regresou á súa casa, tanto detestaba ás mulleres. Nós, obrando con tento, non faremos menos que Melenión.

UN ANCIÁN. Vella, quero darche un bico.

UNHA MULLER. ¿Entón non comerás máis cebola<sup>74</sup>?

O ANCIÁN. Heiche botar unha reprimenda.

A MULLER. ¡Que espesura tes aquí!

72. Termo ambiguo, pois «anduriña» designa tamén o órgano sexual feminino.

73. Personaxe da mitoloxía arcadia; é un cazador, coma Hipólito, unha figura xuvenil e virxinal coma el. Pero aquí Aristófanes utiliza o mito nunha cantiga de escarnio contra as mulleres, estas replicaríanlle coa de Timón.

74. Para chorar. As mulleres fan o ademán de trabar e de aí a ameaza do home.

O ANCIÁN. Tamén Mirónides<sup>75</sup> era peludo, era un cu negro<sup>76</sup>. As súas negras costas facían tremer ó inimigo. Igual ca Formión<sup>77</sup>.  
 CORO DE MULLERES. Sinto desexos de ofrecerche unha réplica ó teu conto de Melanión. Había unha vez certo Timón<sup>78</sup>, intratable e inabordable, coa faciana fera e chea de espiñas<sup>79</sup>; un verdadeiro fillo de Furias. Ese Timón fuxiu empuxado pola xenreira que sentía cara ós homes, non sen antes ter lanzado mil imprecacións contra a súa maldita raza. Tamén el foi inimigo irreconciliable do home e da súa maldade; pero no tocante ás mulleres, amábaas moito.  
 UNHA MULLER. ¿Queres que che rompa as queixadas?  
 UN ANCIÁN. Non conseguirás asustarme.  
 A MULLER. ¡Dareiche unha patada!  
 O ANCIÁN. Vasme ensina-los teus segredos.  
 A MULLER. Non verás malas herbas, aínda que sexa vella. Están coidadas á luz da lámpada.  
 LISÍSTRATA. ¡Vinde, mulleres! ¡Vindè onda min en seguida!  
 MULLER PRIMEIRA. ¿Que foi? Fala. ¿Por que berras dese xeito?  
 LISÍSTRATA. Un home. Vexo vir un home, un louco furioso, presa de tódolos ardores de Venus.  
 MULLER SEGUNDA. ¡Oh, diviña soberana de Chipre, de Citera e de Pafos! Segue. Empezaches ben.  
 MULLER PRIMEIRA. ¿Onde está? Non importa quen sexa.  
 LISÍSTRATA. Alá, á beira do templo de Ceres.  
 MULLER PRIMEIRA. ¡Zeus supremo! Xa o vexo. Pero, ¿Quen é?  
 LISÍSTRATA. Mirade. ¿Algunha de vós o recoñece?  
 MÍRRINA. ¡Si, eu! É Cinesias, o meu home.

75. Quen fora estratego ateniense na batalla de Platea e loitou victoriosamente contra os beocios nos anos cincuenta.

76. O termo utilízao Arquíloco referíndose á águia negra ou *melanaetos*, a máis robusta; logo as súas palabras «non te vaias atopar con un de cu negro» convertíronse en proverbiais, atribuíndollas á nai dos Cércopes que deste xeito advertiu, inutilmente, ós seus fillos con relación a Heracles. O termo designa un home vigoroso en xeral.

77. Xeneral ateniense que se distinguiu no lugar de Potidea e nas batallas navais do comezo da guerra do Peloponeso.

78. Ateniense contemporáneo de Aristófanes coñecido pola súa misantropía; aquí o autor transfórmao nun personaxe mítico.

79. É dicir, de barba hirsuta, sinal do seu carácter.

LISÍSTRATA. É cousa túa recibilo e desesperalo. Amalo ou non. Podes concederlle todo, excepto... o que a copa che prohibiu.  
 MÍRRINA. Permanece tranquila. Encárgome eu deso.  
 LISÍSTRATA. Eu quedo aquí para mantealo contigo, para cocelo con pouco lume. Vós, entrade.  
 CINESIAS. ¡Ah, miseria! ¡Que horribles ardores! Paréceme estar sobre unha roda.  
 LISÍSTRATA. ¿Quen anda aí, dentro das liñas?  
 CINESIAS. Eu.  
 LISÍSTRATA. ¿Home?  
 CINESIAS. Si, home.  
 LISÍSTRATA. ¡Fóra de aí!  
 CINESIAS. ¿Quen es ti, para facerme marchar?  
 LISÍSTRATA. O sentinela de día.  
 CINESIAS. En nome dos deuses, chama a Mírrina.  
 LISÍSTRATA. ¿Que dis? ¿Que chame a Mírrina? ¿Quen es ti, logo?  
 CINESIAS. Son o seu marido, Cinesias de Peónidas<sup>80</sup>.  
 LISÍSTRATA. ¡Ah, meu bo amigo! O teu nome non é estranxeiro nin descoñecido entre nós. A túa muller non para de nomearte. Cando colle un ovo ou unha mazá, di sempre: «É para Cinesias».  
 CINESIAS. ¡Oh, grandes deuses!  
 LISÍSTRATA. ¡Si, por Venus! Se alguén se pon a falar dos homes, a túa muller exclama de contado: «Todo é divertido ó lado de Cinesias».  
 CINESIAS. Chámaa, de présa.  
 LISÍSTRATA. ¿Que me darás ti?  
 CINESIAS. Mira; ó instante, se o queres. É todo o que levo na man. Douche o que teño.  
 LISÍSTRATA. Veña. Xa baixo a chamala.  
 CINESIAS. ¡Bule, bule! A vida non ten para min ningún encanto, dende que ela abandonou o noso fogar. Estou triste cando regreso a el. Todo me parece deserto. A comida non ten sabor. Morro de amor.  
 MÍRRINA. Quéroo, quéroo. Pero el non me quere a min. ¿Por que me chama ó seu lado?

80. Un *demo* ou localidade da Ática.

CINESIAS. Mirrinita, meu ben, ¿que fas aí arriba? Baixa.  
 MÍRRINA. ¡Non, por Zeus! Non irei.  
 CINESIAS. ¿Estoute chamando e non queres baixar, Mirrinita?  
 MÍRRINA. Chámame sen necesidade.  
 CINESIAS. ¿Como? ¿Sen necesidade, dis? ¡Xa non podo máis!  
 MÍRRINA. Adeus.  
 CINESIAS. ¡Non, por favor! No nome do teu fillo, polo menos, escoita. Neno, chama a túa nai.  
 O NENO. ¡Mamá, mamá, mamá!  
 CINESIAS. ¡Logo ben! ¿En que pensas tí? ¿Non tes compaixón deste pobre neno? Hai seis días que non se lava nin ve o peito da súa nai.  
 MÍRRINA. Si, teño compaixón. É o seu pai quen non sente inquietude ningunha.  
 CINESIAS. Baixa, miña boa amiga. Faino polo teu fillo.  
 MÍRRINA. ¡O que é ser nai! Baixemos. ¿Que outra cousa podo facer?  
 CINESIAS. Paréceme rexuvenecida. A súa mirada é máis tenra. Canto máis difícil e desdeñosa se mostra, tanto máis me devora o desexo.  
 MÍRRINA. ¡Oh, meu ben, fillo de un mal pai! Ven que te bique, encanto da túa nai.  
 CINESIAS. ¿Por que, malfeitora, obras así, e escoitas ás demais mulleres? Tortúrasme e aflíxesme.  
 MÍRRINA. Non me toques.  
 CINESIAS. Deixas que se perda na casa, a túa roupa e a miña.  
 MÍRRINA. Non me preocupa.  
 CINESIAS. ¿Non che preocupa que as galiñas piquen e esgacen a túa trama?  
 MÍRRINA. Éme o mesmo.  
 CINESIAS. ¡E as sagradas orxías de Venus, que non celebras dende hai tanto tempo! ¿Non queres volver?  
 MÍRRINA. ¿Eu? ¡Non! A menos que fagáde-la paz e remate a guerra.  
 CINESIAS. Sen dúbida farémo-lo, se queredes.  
 MÍRRINA. Sen dúbida, se quero volverei. De momento cumpo o meu xuramento.  
 CINESIAS. Alomenos, déitate comigo.

MÍRRINA. ¡Ah! ¡Non! Sen embargo, non podo dicir que non te amo.  
 CINESIAS. ¿Quéresme? Entón, ¿por que non nos deitamos, Mirrinita?  
 MÍRRINA. ¡Que ideas tes! ¿Diante do neno?  
 CINESIAS. Eso non... Manes, lévao á casa. Agora xa non cho impide o cativo. Deitémonos.  
 MÍRRINA. Pero, ¿onde, desgraciado?  
 CINESIAS. Na cova de Pan. O lugar é a propósito.  
 MÍRRINA. ¿Como podería, logo, volver para a cidadela?  
 CINESIAS. Moi doado. Lavaraste na Clepsidra<sup>81</sup>.  
 MÍRRINA. ¿E cres que vou viola-lo meu xuramento, desgraciado?  
 CINESIAS. ¿O teu xuramento? Eso é un asunto meu que non debe inquietarte o máis mínimo.  
 MÍRRINA. Imos. Vou preparar un pequeno leito.  
 CINESIAS. Non é necesario. Durmiremos no chan.  
 MÍRRINA. ¡Non, nunca! A pesares de verte en tal estado, non che deixarei que durmas no chan.  
 CINESIAS. Esa muller quéreme moito, segundo vexo.  
 MÍRRINA. Mira, déitate de présa. Eu quito o vestido... ¡Ah! ¡Que atordada! ¡Non trouxen unha esteira!  
 CINESIAS. ¿Unha esteira? Non será para min.  
 MÍRRINA. Logo, si, ¡por Diana! ¡Que vergoña deitarme sobre o cinchón!  
 CINESIAS. Dáme un bico.  
 MÍRRINA. Acouga un momentíño.  
 CINESIAS. ¡Ah!... Volve axiña.  
 MÍRRINA (de volta). Velaquí a esteira. Déitate. Eu quito o vestido... ¡Veña! ¡Que parva son! Ti non tes cabezal.  
 CINESIAS. ¡Non; nin me fai falta!  
 MÍRRINA. Pero a min si.  
 CINESIAS. ¡Pobre mozo! ¡Estante tratando ó xeito de Heracles convidado a un banquete<sup>82</sup>!

81. Fonte próxima á cova de Pan. Despois do acto sexual non se pode entrar, sen purificarse, nun lugar sagrado coma a Acrópole.

82. Era un tema tópico da comedia presentar a Heracles caracterizado como comellón e quedando sen o banquete que lle prometeran.

MÍRRINA (de volta). Veña, érquete.  
 CINESIAS. Agora, xa todo está disposto.  
 MÍRRINA. ¿Verdadeiramente o cres?  
 CINESIAS. Ven, miña xoia.  
 MÍRRINA. Desato o meu axustador<sup>83</sup>. Pero, lémbtrate: dáme a túa palabra de que defendera-la paz.  
 CINESIAS. Si, ¡por Zeus! ¡Xúroo pola miña cabeza!  
 MÍRRINA. Fáltache unha manta.  
 CINESIAS. ¡Xa por Zeus! Non a necesito. Quero... terminar dunha vez.  
 MÍRRINA. Tranquilízate, todo ha de chegar. Volvo axiña.  
 CINESIAS. Esa muller faramé rebentar coas súas mantas.  
 MÍRRINA (de volta). Levántate.  
 CINESIAS. Está todo.  
 MÍRRINA. ¿Queres que te perfume?  
 CINESIAS. ¡Non, por Apolo! ¡Non!  
 MÍRRINA. ¡Si, por Venus! Queiras ou non.  
 CINESIAS. ¿Por que non terá roto o seu frasco de unguento, Zeus poderoso?  
 MÍRRINA. Dáme a man. Toma. Frégate.  
 CINESIAS. Non ten moi bo cheiro ese perfume. A nós que fregando... É unha droga para perde-lo tempo. Non ule a voda.  
 MÍRRINA. ¡Ah, atordada! Trouxen o perfume de Rodas<sup>84</sup>.  
 CINESIAS. Está ben. Déixao, babiola.  
 MÍRRINA. Estás chocheando.  
 CINESIAS. ¡Maldito sexa o primeiro que preparou un perfume!  
 MÍRRINA. Toma ese frasco.  
 CINESIAS. Xa teño un. Veña, malfeitora. Déitate, e non me traías nada máis.  
 MÍRRINA. Xa estou, ¡por Diana! Quito as sandalias. Pero pensa, meu ben, en decreta-la paz. (Vaise.)  
 CINESIAS. Pensarei con esto. ¡Maldita muller! ¡Véxome morto, aniquilado e desposuído, e ela abandóname! ¿A quen debo dirixirme cando a máis fermosa de todas se mofa así de min? ¿E como dar-

83. Refírese á venda de tea que lle apretaba o peito.

84. De peor calidade que o de Siria, que tiña máis sona. Hai tamén unha alusión á defecación recente de Rodas.

lle pasto a ese cabalo<sup>85</sup>? ¿Onde está Cinálopes<sup>86</sup>? Axíña. Merco unha ama de cría.  
 CORO DE ANCIÁNS. ¡Pobre home! ¡Que suplicio! ¡Que lamentable estado! Que decepción. Dásme mágoa. ¡Ai, ai! ¿Que riles poderían aturar, que valor, que músculos, que flancos? ¡Gardar así o seu arco vendado e non poder desprevalo pola mañá!  
 CINESIAS. ¡Ah, Zeus! ¡Que terribles contraccións!  
 CORO DE ANCIÁNS. ¡En que estado te puxo esa peste, esa abominable malfeitora!  
 CINESIAS. ¡Non, non! ¡Encantadora, adorable!  
 CORO DE ANCIÁNS. ¿Como adorable? ¡Perdida, desprezable! ¡Oh, Zeus, Zeus!<sup>87</sup> Por favor, fai que unha bátega ou un furacán o leve coma se fora palla, que o faga rolar e remuiñar, e o solte logo, para que caia ó chan e... se esnafre.  
 UN HERALDO LACEDEMONIO. ¿Onde está o Senado de Atenas? ¿Onde están os pritanis<sup>88</sup>? Son portador de noticias.  
 O MAXISTRADO. ¿Quen es? ¿Un home ou un priapo<sup>89</sup>?  
 O HERALDO. Bo home, son un heraldo, ¡por Cástor e Pólux! Veño de Esparta para falar de paz.  
 O MAXISTRADO. Imos, logo. Levas unha lanza debaixo do brazo.  
 O HERALDO. Non é certo.  
 O MAXISTRADO. ¿Por que te volves así? ¿Que é esa chepa que se ve no teu manto? ¿Sairíache polo camiño algún tumor na éngoas?  
 O HERALDO. ¡Que vello chocho, por Cástor!  
 O MAXISTRADO. Amósaste con gran indecencia.  
 O HERALDO. Dígoche que non, ¡por Zeus! Chega de bromas.  
 O MAXISTRADO. ¿E eso, entón, que é?  
 O HERALDO. Unha escítala laconia<sup>90</sup>.

85. Órgano sexual masculino.

86. Era o dono dunha casa de citas, Cinesias pídelles que lle deixe contratar unha das súas pupilas.

87. Parodia dos pasaxes épicas e tráxicos.

88. Os Pritanis eran os membros da comisión permanente do Consello durante unha das dez pritanías en que se dividía o ano. Convocaban e presidían o Consello e a Asemblea.

89. Especie de divindade, semellante a Priapo polos seus atributos.

90. A escítala era un bastón curvo que usaban os lacedemonios para transmitir mensaxes secretos; escribíanos na escítala envolta nunha venda e interpretábanos enroscando a venda noutra escítala de dimensións idénticas.

O MAXISTRADO. Si, esta é tamén unha escítala laconia. Veña, non me mintas. Estou ben informado. ¿Como marchan os vosos asuntos en Lacedemonia?

O HERALDO. Todo está no aire en Lacedemonia. Todo está de pé nos aliados. Necesitamos a Pelene<sup>91</sup>.

O MAXISTRADO. ¿Quen vos trouxo tal desgracia? ¿Foi Pan?

O HERALDO. Non. A autora é Lámpito. Tódalas mulleres de Lacedemonia uníronse a ela, armadas co vergallo dos porcos, para expulsar ós seus maridos da casa.

O MAXISTRADO. ¿E que fixestes vós?

O HERALDO. Pasámolo mal. Vagamos pola cidade, eslombados, coma portadores de lanternas. As mulleres non aceptaban que as tocáramos nin tan sequera co dedo maimiño, mentres que non fagamos de común acordo a paz con Grecia.

O MAXISTRADO. É unha conspiración xeral. Agora o comprendo. Volve, logo, axiña, para dicirlles que manden embaixadores con plenos poderes para discuti-la paz: Eu vou ó Senado para invitá-lo a que nomee aquí outra embaixada. Apoiareime... neste argumento.

O HERALDO. Vou voando. As túas palabras valen coma o ouro.

CORO DE ANCIÁNS. Entre tódolos animais bravos, a muller é o máis indomable. Ó seu lado, non son nada nin o lume nin a pantera brava.

CORO DE MULLERES. ¿Sabes eso e fa-la guerra? Só depende de ti, desgraciado, de ter en min a unha amiga segura.

CORO DE ANCIÁNS. ¡Non! ¡Endexamais deixarei de odia-las mulleres!

CORO DE MULLERES. Está ben, como ti queiras. Sen embargo, non podo deixarte así, espido. Semellas demasiado ridículo. Vouche da-la túa túnica.

CORO DE ANCIÁNS. En eso, non te equivocas. Deixándome levar pola carraxe, quitei os vestidos.

CORO DE MULLERES. Agora te-la fasquía dun home. Logo, xa non tentarás nada máis. Se non sentira compaixón por ti, teríache qui-

91. Pelene era unha cidade marítima da Acaia, dunha grande importancia para Lacedemonia. Era tamén o nome dunha prostituta. Cada palabra do presente diálogo préstase a equívoco.

tado delicadamente esa pequena besta que che roe os ollos, aquí...

CORO DE ANCIÁNS. Eso era o que me atormentaba. Toma este anel e tírame eso do meu ollo. Quitame esa besta<sup>92</sup> e ensinama. Xa hai moito tempo que me está a roer.

CORO DE MULLERES. De boa gana, aínda que sexas un amolador. ¡Ah, Zeus! ¡Que coxín monstruoso! ¡Mira, un verdadeiro mosquito de Tricorito<sup>93</sup>!

CORO DE ANCIÁNS. Gracias polo favor. Había tempo que me estaba perforando. Agora que mo quitaches verto abundantes bágoas.

CORO DE MULLERES. Vou te secar. Sen embargo, non vexo en ti amabilidade algunha... Dáme un bico.

CORO DE ANCIÁNS. ¡Non, nada de bicos!

CORO DE MULLERES. ¡Queiras ou non queiras!

CORO DE ANCIÁNS. ¡Malditas criaturas! ¡Como sabedes afagar! O proverbio non mente, e ten moita razón: «¡Nada con esa peste, nada sen esa peste!»<sup>94</sup> Veña, eu fago a miña paz. De hoxe en diante non haberá ningunha queixa máis entre nós. Unámo-las nosas ringleiras e cantémo-los nosos cantos.

CORO DE MULLERES. Estamos dispostas, cidadáns, a non dicir nunca máis mal de ninguén. ¡Xa! Non queremos outra cousa que dicir ben... e facelo. Pedide, todos vós, homes e mulleres que tedes necesidade de diñeiro. ¿Fáltanvos dúas ou tres minas<sup>95</sup>? Aquí as temos. As bolsas están cheas. Se chega a facerse a paz, non nos deberedes ren. Non teredes que devolvernos nada. Esperamos para comer a varios amigos carísticos<sup>96</sup>, bondadosas e honradas persoas. Hai un pouco de puré e un bacoriño que acabo de matar. A súa carne será tenra e delicada. Vinde hoxe á miña casa. Chegade cedo, despois do baño, xunto cos vosos fillos. Enttrade sen preguntar a ninguén, e como se estiverades na vosa propia casa, valentemente. Atoparedes... a porta pechada.

92. Un mosquito que se lle meteu ó corifeo dos homes dentro da pálpebra e que a corifeo das mulleres lle saca cun anel.

93. Burgo lamaguento da Ática onde había moitos mosquitos.

94. Esta cita puidera ser de Arquiloco, pero o tema de que non se pode vivir nin coas mulleres nin sen elas atópase tamén en Hesíodo, *Traballos* 58.

95. Cada mina equivale a cen dracmas, cantidade moi elevada.

96. De Caristo, cidade de mala reputación de Eubea.

CORO DE ANCIÁNS. Acaban de chega-los embaixadores de Esparta, arrastrando os seus longos bigotes<sup>97</sup>. Parece que traen ó redor das pernas coma un cubil<sup>98</sup>.

«¡Ante todo, saúde, laconios! ¿Como vos atopades?»

O EMBAIXADOR. ¿Para que imos empregar longos discursos? ¡Vedes de sobra como nos atopamos!

CORO DE ANCIÁNS. ¡Vaia! ¡Que tensión, que terrible mal e que ardores! Todo vai de mal en peor.

O EMBAIXADOR. Nunca o dirás bastante. ¿Que facer? Acepto tódalas condicións. ¡De présa, a paz, a paz!

CORO DE ANCIÁNS. ¡Está ben! Velaí agora a eses nativos, semellantes a uns mozos loitadores, que apartan os mantos do seu bandullo<sup>99</sup>. O seu mal debe ter algo de «atlético»<sup>100</sup>.

UN ATENIENSE. ¿Quen nos dirá onde está Lisístrata? Xa o vedes. Ata aquí chegamos.

CORO DE ANCIÁNS. Esa enfermidade é moi semellante á outra. ¿Non sufrides convulsións pola mañá?

O ATENIENSE. Si, e entón retorcémonos. Queremos que se nos dea a paz axiña, ou ben tomaremos a Clístenes por muller.

CORO DE ANCIÁNS. Faredes moi ben en poñervos de novo os voos vestidos, por medo a que algún dos Hermocópidas<sup>101</sup> veña a visitarvos.

O ATENIENSE. ¡Por Zeus! Tes moita razón.

O EMBAIXADOR. É xusto, ¡polos Dióscuros! Poñámo-las nosas túnicas.

O ATENIENSE. ¡Ah! Bos días, laconios. Achámonos nunha situación lamentable.

O EMBAIXADOR. Lamentable é tamén a nosa, Policárides, se o público nos ve neste violento estado.

97. Era moda en Lacedemonia usar longos bigotes.

98. Refírese a un redil ou pequeno cortello de vimio para criar dentro un bacoriño, que os lacedemonios se puxeran ó redor das pernas para disimular a súa erección.

99. Os loitadores e atletas gregos ían xeralmente espidos. Semella deducirse que na súa vida diaria tamén lles molestaba leva-lo manto.

100. Xogo de palabras: a suposta enfermidade é identificada coa hidropesía (*askites*, o atleta é *asketés*).

101. Son os «mutiladores de Hermes» que no ano 415 a.C. mutilaron os Hermes de Atenas (pilares en honor deste deus), rompéndolles as cabezas e os falos.

O ATENIENSE. Ó gran, laconios. Hai que falar claro. ¿Por que estades aquí?

O EMBAIXADOR. Somos embaixadores da paz.

O ATENIENSE. ¡Boa palabra! Nós tamén. ¿Por que non chamamos a Lisístrata, a única que pode poñernos de acordo?

O EMBAIXADOR. Está ben, ¡polos Dióscuros! Incluso a Lisístrata, se vós así o credes.

CORO DE ANCIÁNS. É inútil chamala. Soubo da vosa chegada e aquí está.

O ATENIENSE. ¡Saúde, a máis machota das mulleres! Este é o momento en que necesitas mostrarte terrible e boa, simple e maxestosa, amable e arteira, fértil en recursos. Pois os principais gregos, de común acordo e prendidos dos teus encantos, recorren a ti e someten á túa autoridade tódalas súas queixas.

LISÍSTRATA. A cousa é doada, se se lles colle en plena crise<sup>102</sup> e sen que poidan esgrimi-la espada entre eles. Axiña o saberei... ¿Tregua, onde estás? Tráeme primeiro ós laconios, pero con man suave e sen brusquidades. Non fagas coma os nosos maridos, que tomaban as cousas tanto pola brava? Sé amable, como convén ás mulleres. Se non presentan a man, cólleos... de outro xeito. Ben. Trae tamén ós atenienses. A eses tómaos por onde queiran. Laconios, xuntádevos aquí, á miña beira. Vós, ó outro lado. E escoitade.

«Eu non son senón unha muller. Pero teño xuízo. Con un espírito naturalmente recto, desenvolvín a miña intelixencia gracias ás leccións de meu pai e dos anciáns. Xa que vos teño aquí reunidos, dirixireivos a todos xuntos a mesma recriminación, de sobra merecida: Pobos irmáns, vós vertestes sobre os altares a mesma auga lustral, en Olimpia, nas Termópilas e en Delfos<sup>103</sup>, e en outros tantos lugares que sería demasiado longo lembrar. E cando o inimigo, o bárbaro está aquí ameazador, os vosos exércitos aniquilan os pobos e as cidades de Grecia. Dígoo por todos vós. Non insisto máis».

O ATENIENSE. Eu estou xa aniquilado e fóra de min.

102. Termo ambiguo, refírese ó mesmo tempo ó desexo sexual e á paz.

103. Refírese ós Xogos Olímpicos, ás reunións da anfictionía délfica nas Termópilas e ós Xogos pítricos.

LISÍSTRATA. Agora, laconios, diríxome a vós. ¿Esquecéste-lo tempo en que o laconio Períclides viña a Atenas a suplicar ó pé dos altares? Pálido baixo o seu manto de púrpura, solicitaba un exército. Entón apurábovos Mesenia, e o deus axitaba a terra. Partiu Cimón con catro mil hoplitas, e Lacedemonia foi salvada<sup>104</sup>. E despois de semellante favor, vós arrasáde-la terra de onde vos veu a salvación.

O ATENIENSE. Si, Lisístrata. Non teñen razón.

O EMBAIXADOR. Non temos razón... ¡Ah, que fermoso, que indicible recuncho!

LISÍSTRATA. E vós, atenienses, ¿credes que non teño nada que dicirvos? Esquecéste-lo tempo en que vestiáde-la túnica de escravos? Chegaron os laconios coa lanza na man e exterminaron a gran número de tesalios, amigos e aliados de Hípias<sup>105</sup>. Daquela eran os vosos únicos aliados, e debíadeslle a liberdade. Cambiaestes, gracias a eles, a vosa túnica de escravo polo longo manto.

O EMBAIXADOR. Endexamais vin outra muller máis digna.

O ATENIENSE. Nin eu tampouco.

LISÍSTRATA. ¿Por que, logo, ser inimigos, despois de tantos e tan fermosos favores mutuos? Cesade esa perversa loita. Facede a paz. ¿Quen volo impide?

O EMBAIXADOR. Pola nosa parte, de boa gana. Se nos devolven ese círculo<sup>106</sup>.

LISÍSTRATA. ¿Cal, meu amigo?

O EMBAIXADOR. Pilos<sup>107</sup>. Hai moito tempo que suspiro por el, e que o desexo.

O ATENIENSE. Nunca o terás, ¡por Neptuno!

LISÍSTRATA. Entregádello, meus amigos.

O ATENIENSE. E logo, ¿que axitaremos<sup>108</sup>?

104. Aristófanes falsifica a historia. Cando a rebelión de Mesenia no 462, Cimón levou unha tropa ateniense en axuda de Lacedemonia, en virtude do tratado; pero os lacedemonios desprezaron a súa axuda.

105. Os lacedemonios axudaron a derrocar a Hípias, tirano de Atenas, o ano 510 a.C.. Os tesalios eran os seus aliados.

106. O termo designa un vestido de muller e, ó mesmo tempo, o traseiro de Conciliación. Pero tamén se entende nun terceiro sentido, unha praza fortificada (a Acrópole).

107. En Mesenia, fora ocupado polos atenienses.

108. Ten un senso sexual, e ó mesmo tempo, o de apoderarse dunha praza.

LISÍSTRATA. Pedide outra cidade a cambio desa.

O ATENIENSE. De acordo. Dádenos primeiro Equinunte<sup>109</sup>, despois o golfo Maliaco e os muros de Megara, que son coma dúas pernas.

O EMBAIXADOR. ¡Non, polos Dióscuros! Todo eso non, amigo.

LISÍSTRATA. Accedede. Non berredes por unhas pernas.

O ATENIENSE. Quero labra-las miñas terras axiña, lixeiro de roupa<sup>110</sup>.

O EMBAIXADOR. E eu recolle-lo primeiro o esterco.

LISÍSTRATA. Unha vez feita a paz, xa teredes tempo de face-lo que vos pete. Se tal é a vosa opinión, deliberade e concretade cos vosos aliados.

O ATENIENSE. De aliados se trata. Todos temos un só desexo. Os nosos aliados, igual ca nós, lanzamos un só berro: mulleres.

O EMBAIXADOR. Os nosos tamén, ¡por Cástor e Pólux!

O ATENIENSE. ¿E os caristios<sup>111</sup>, entón?

LISÍSTRATA. É xusto. Agora, purificádevos<sup>112</sup>. As mulleres invítanvos a cear na cidadela e a compartilo que teñan nas súas canastras. Faredes alí os vosos xuramentos, e logo volveredes ás vosas casas cada un coa súa esposa.

O ATENIENSE. Vamos, axiña.

O EMBAIXADOR. De acordo. Imos.

O ATENIENSE. De présa, ¡por Zeus!

CORO DE MULLERES. Todo o que posúo: tapices, mantos, túnicas preciosas e vasos de ouro, entrégochos de corazón para os vosos fillos e fillas cando cheguen a canéforas. Vinde todos a facer na miña casa as vosas provisións. Levade as cousas. Non teño nada tan ben pechado que vós non poidades rompe-la pechadura. Mirade ben... non encontraredes nada, a menos que teñades mellor vista ca min.

109. Equinunte ou Equino, en Tesalia, ocupada polos lacedemonios. Aristófanes menciona pois *ekhinós* 'erizo', designa tamén o órgano sexual feminino.

110. Dobre sentido, pois unha vez acadada a paz vólvese ós traballos agrícolas e ó trato sexual.

111. Citaos non só pola súa vida disipada senón tamén polo feito de que 300 deles chegaran a Atenas como auxiliares do réxime oligárquico dos Catrocentos.

112. A Acrópole era lugar sagrado e non se podía ter no seu interior trato sexual.

«Se alguén carece de pan para alimentar ós seus escravos e a súa numerosa pequena familia, na miña casa hai algúns granciños de trigo. Que os leve. Teño tamén un fermoso pan de un quénice... que o contemple».

«Que os pobres non se priven, e acudan con sacos e zurróns. Daráselles gran. Manes será quen o distribúa. Pero... que non se acheguen á miña porta, o cidadán co can».

UN VAGABUNDO. Abridge a porta.

UN ESCRAVO. ¿Queres marchar? ¿Que fas aquí? ¿Queres que te ase con este facho? O lugar non é bo.

O VAGABUNDO. Non me moverei.

O ESCRAVO. Se é verdade que o necesitas, para serche agradable, vouche dar exercicio.

O VAGABUNDO. Darémono-lo os dous.

O ESCRAVO. Fóra de aí, ou has de bradar. Coidado cos teus cabelos. Vaite, para que os laconios saian ó seu gusto, agora que están ben comidos.

UN ATENIENSE. Endexamais presenciei semellante festa. Os propios laconios mostrábanse amables, e nós uns modelos de cordura despois de ter bebido. É moi sinxelo, posto que ó estar en xaxún divagamos. Se os atenienses me queren crer, sempre iremos bébedos ás embaixadas. Cando chegamos sen almorzar a Lacedemonia axiña atopamos un motivo de discusión. Xordos ó que se nos di, e desconfiados do que non se nos di, presentamos informes contradictorios. Hoxe, todo nos sae a pedir de boca. Entoémolo canto de Telamón, en vez de o de Clitágoras<sup>113</sup>, e todos aplaudimos dispostos ó perxurio se chegara o caso.

O ESCRAVO (ós vagabundos). Aquí se presentan. Deixade sitio, sacos de golpes.

O VAGABUNDO. ¡Si, por Zeus! Xa saen.

O EMBAIXADOR. Colle as túas frautas<sup>114</sup>, Policárides. Quero bailar e cantar un fermoso canto en honor dos atenienses e de nós mesmos.

113. Referencia a dous escolios ou cancións de banquete.

114 Trátase da dobre fruta, en realidade dúas frautas; un dos extremos de cada unha delas colócase no centro da boca.

O ATENIENSE. Si, colle as túas frautas. Por favor. Aledariame moito vervos bailar.

O EMBAIXADOR. ¡Oh, Mnemosine<sup>115</sup>! Inspira a eses mozos e á miña Musa, que coñece as miñas altas fazañas e as dos atenienses. En Artemision<sup>116</sup>, eles lanzáronse, coma se foran deuses, contra os muros de madeira, vencendo ós medos. Eu, con Leónidas, era coma un porco bravo que aguza as súas gadoupas: a espuma brillaba na miña faciana e enchía as miñas pernas, pois os persas eran numerosos coma as areas do mar.

«¡Montaraz cazadora, deusa virxinal<sup>117</sup>, invócote! Preside os nosos acordos e permanece longo tempo entre nós. Que a paz una para sempre a nosa amizade, e as nosas cordiais relacións. ¡Basta, xa abonda desas mañas de raposo! Ven, ven a min, virxe cazadora».

LISÍSTRATA. Imos. Posto que todo marchou ben, levade as vosas esposas. O marido, á beira da súa muller, e a muller, á beira do seu marido. Para celebrar este feliz acordo, formemos uns coros en honor dos deuses, e gardémonos de volver a pecar.

CORO DE ATENIENSES. ¡Que apareza o coro, e as Gracias se adianten! Invoquemos a Ártemis. Invoquemos ó seu amable irmán Apolo, que preside as danzas e os cantos da alegría. Chamemos nós a Dioniso, deus de Nisa, que ten uns ollos que lanzan a chama no medio das Ménades. E a Zeus, escintilante no seo do lóstrego. E a súa benaventurada e augusta esposa<sup>118</sup>. Invoquemos ós demais deuses, testemuñas e garantas da paz memorable que a divina Cipris<sup>119</sup> nos deu. ¡Alalaí, ié peón!<sup>120</sup> ¡Saltade, coma nunha victoria! ¡Evoí, evoi, evai, evai!<sup>121</sup>... ¡Laconio, entoa un novo canto.

CORO DE LACONIOS. Do amable Taigueto<sup>122</sup> baixa unha vez máis, Musa laconia. Ven e canta connosco ó augusto deus Amicleo<sup>123</sup>,

115. Esposa de Zeus, nai das Musas; en laconio chámase Mnamona.

116. Fai referencia á batalla de Artemision, en Eubea, o ano 480, antes da de Salamina.

117. Son epítetos de Ártemis.

118. Hera.

119. Venus.

120. Berros rituais no peán, canto de victoria.

121. Berros rituais nos ditirambos dionisiacos. Aquí mestúranse os dous xéneros.

122. Un gran monte ó oeste de Esparta.

123. Deus de Amiclas. Réfírese a Apolo, venerado en Amiclas, cerca de Esparta.

---

e á Señora Calcieca<sup>124</sup>, e ós valentes Tindáridas, Cástor e Pólux, que danzan nas beiras do Eurotas<sup>125</sup>. ¡Oh! Ven a nós. Bule áxil e xoguetona. Celebremos xuntos a Esparta, namorada dos cantos sagrados e da súa resoante cadencia. Alí nas ribeiras do Eurotas, saltan as doncelas coma unhas eguas despexadas, levantando o po cos seus pés. Sacoden a súa cabeleira, semellantes ás bacantes que danzan axitando o torso, mentres a casta e graciosa filla de Leda<sup>126</sup> conduce os coros. E agora enrola coa man as túas trenzas ondulantes. Que os teus pés salten, salten como a cervas. Que a voz cadenciosa sosteña a danza. ¡Celebra á poderosa e divina Calcieca, a Minerva invencible!

## Índice

Introducción .....	5
1.1. A época .....	7
1.2. As letras gregas .....	9
1.3. Biografía de Aristófanes .....	10
1.4. A súa obra literaria .....	12
1.5. Características dramáticas .....	13
 ARISTÓFANES .....	 15
As Avespas .....	21
Lisístrata .....	73

---

124. «Do templo de bronce». Con este epíteto era venerada Atenea en Esparta.

125. O río de Esparta. Refírese ás danzas das mozas espartanas, coma aquelas para as que compuxo os seus partenios Alcmán.

126. Helena.

